

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 6 DE AGOSTO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día seis de agosto de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 30 de xullo de 2019**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 30 de xullo de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Decreto 92/2019, do 11 de xullo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que se modifica o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 144, do 31 de xullo de 2019).

### 3º.- Expedientes de contratación

#### **3.1. Contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) e tramitación ordinaria da obra “Mellora da pavimentación no Paseo da Barcala e o camiño do Pombo”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS +2019”. Expediente 2019/C003/000002**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 2 de agosto de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 28 de novembro de 2018 foi redactado o proxecto denominado “Mellora da pavimentación no Paseo da Barcala e o camiño do Pombo” polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, don Óscar Souto Muíño, cun orzamento de 50.835,24 € sen IVE, 61.510,64 € IVE incluído.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data 28 de novembro de 2018 polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, no que se recolle que a actuación prevista no Pombo se atopa no ámbito de afección da estrada AC-221, polo que deberá obterse a autorización previa da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia.

O proxecto foi aprobado polo Pleno municipal na sesión extraordinaria celebrada o 13 de decembro de 2018. Na mesma sesión plenaria foi aprobada a inclusión desta obra no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019” da Deputación Provincial da Coruña.

O Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria do día 26 de abril de 2019 aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario do 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP núm. 188, do 2 de outubro de 2018. Mediante Resolución da Presidencia núm. 2019/19076, do 31 de maio de 2019, considerouse debidamente aprobado o plan.

Segundo consta na “Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”, de data 29 de abril de 2019, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación nas sesións realizadas os días 27 de abril e 25 de maio de 2018, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 82, do 2 de maio de 2018 e no núm. 101 do 30 de maio de 2018, respectivamente, e na páxina web da Deputación: [www.dacoruna.gal/contratacion/documentos](http://www.dacoruna.gal/contratacion/documentos). O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total
Pavimentación paseo da Barcala e camiño do Pombo	61.510,64	0,00 €	61.510,64

Consta no expediente a autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, requirida á vista do informe de viabilidade urbanística emitido polo arquitecto municipal o 28 de novembro de 2018, autorización que foi rexistrada de entrada no concello ao núm. 900/74, o día 9 de xaneiro de 2019, e na que se establece unha vixencia de seis meses a contar dende o día seguinte á súa notificación. Este prazo foi prorrogado ata o día 8 de xaneiro de 2020, segundo comunicación rexistrada de entrada ao núm. 900/1914, o 9 de xullo de 2019.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 28 de maio de 2019 pola Intervención municipal, con cargo á aplicación 454.61900 *Outros inves. reposición camiños veciñais*, por importe de 61.510,64 euros.

Consta acta de replanteo de data 5 de xuño de 2019.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, de data 5 de xuño de 2019.

Consta a providencia de data 24 de xullo de 2019, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Consta informe emitido pola secretaria e o interventor municipais con data de 31 de xullo de 2019 propoñendo a apertura do procedemento de licitación.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde mediante Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da **Xunta de Goberno Local**, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, a medio da presente providencia, **RESOLVO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento dos servizos mínimos esixidos a todos os municipios, entre os que se atopan a pavimentación das vías urbanas [artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local], quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C003/000002, por procedemento aberto simplificado, con varios criterios de adxudicación, mediante fórmulas, correspondente á obra "**Mellora da pavimentación no Paseo da Barcala e o camiño do Pombo**", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019" da Deputación Provincial da Coruña, cun valor

estimado de 55.918,76 euros, e cun orzamento base de licitación de 61.510,64 euros (IVE incluído), isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

**Terceiro:** Dado que nesta obra estase a contratar por delegación da Deputación Provincial da Coruña, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP núm.101, do 30 de maio de 2018 (versión castelán), e con suxeición á descrición técnica e pregos de prescricións técnicas obrante no expediente.

**Cuarto:** Aprobar o gasto, por importe de 61.510,64 euros, por conta da aplicación orzamentaria 454.61900.

**Quinto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidente: O sr. Alcalde don Óscar A. García Patiño e, como suplente, a concelleira delegada de economía, facenda e recursos humanos dona María Pan Lesta.

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanöe, e como suplente, o arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Sexto:** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

**Sétimo:** Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **3.2. Contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) e tramitación ordinaria da obra “Mellora da pavimentación no Paseo Marítimo do Temple”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS +2019”. Expediente 2019/C003/000003**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 2 de agosto de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 28 de novembro de 2018 foi redactado o proxecto denominado “Mellora da pavimentación no Paseo Marítimo do Temple” polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, don Óscar Souto Muíño, cun orzamento de 56.372,70 € sen IVE, 68.210,97 € IVE incluído.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data 28 de novembro de 2018 polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, no que se recolle que a zona de actuación se atopa na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, polo que é necesario obter a autorización previa da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia.

O proxecto foi aprobado polo Pleno municipal na sesión extraordinaria celebrada o 13 de decembro de 2018. Na mesma sesión plenaria foi aprobada a inclusión desta obra no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019” da Deputación Provincial da Coruña.

Con data 11 de febreiro de 2019, recibíronse requirimentos da Excm. Deputación Provincial da Coruña, para a rectificación de varios dos proxectos incluídos no plan provincial, ao terse detectado deficiencias técnicas neles. Entres eses proxectos atopábase o de “*Mellora da pavimentación no Paseo Marítimo do Temple*”.

Con data 21 de febreiro de 2019 o técnico redactor asinou o proxecto supervisado, modificando exclusivamente cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade do investimento a realizar nin a súa valoración económica.

O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 28 de marzo de 2019, aprobou, entre outros, o proxecto “***Mellora da pavimentación no Paseo Marítimo do Temple***”(Supervisado).

O Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria do día 26 de abril de 2019 aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario do 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP núm. 188, do 2 de outubro de 2018. Mediante

Resolución da Presidencia núm. 2019/19076, do 31 de maio de 2019, considerouse debidamente aprobado o plan.

Segundo consta na “Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”, de data 29 de abril de 2019, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación nas sesións realizadas os días 27 de abril e 25 de maio de 2018, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 82, do 2 de maio de 2018 e no núm. 101 do 30 de maio de 2018, respectivamente, e na páxina web da Deputación: [www.dacoruna.gal/contratacion/documentos](http://www.dacoruna.gal/contratacion/documentos). O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total	Condición
Mellora do pavimento no paseo marítimo do Temple	68.210,97	0,00 €	68.210,97	Autorización D.X.Ordenación Territorio Urbanismo e

Consta no expediente a autorización do Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, requirida á vista do informe de viabilidade urbanística emitido polo arquitecto municipal o 28 de novembro de 2018, autorización que foi rexistrada de entrada no concello ao núm. 0/2919, o día 8 de maio de 2019, e na que se establece un prazo máximo para a finalización das obras de dous anos, transcorrido o cal quedará sen efecto a autorización.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 28 de maio de 2019 pola Intervención municipal, con cargo á aplicación 1532.61900 *Outros inves. reposic.infraestut.Pavimentac.vías*, por importe de 68.210,97 euros.

Consta a Resolución da Deputación Provincial, recibida o 3 de xuño de 2019 a través da plataforma Subtel, pola que se levanta a condición e se aproba definitivamente este investimento.

Consta acta de replanteo de data 5 de xuño de 2019.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, de data 5 de xuño de 2019.

Consta a providencia de data 24 de xullo de 2019, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde mediante Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a

prol da **Xunta de Goberno Local**, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, a medio da presente providencia, **RESOLVO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento dos servizos mínimos esixidos a todos os municipios, entre os que se atopan a pavimentación das vías urbanas [artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local], quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C003/000003, por procedemento aberto simplificado, con varios criterios de adjudicación, mediante fórmulas, correspondente á obra "**Mellora da pavimentación no Paseo Marítimo do Temple**", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019" da Deputación Provincial da Coruña, cun valor estimado de 62.009,97 euros, e cun orzamento base de licitación de 68.210,97 euros (IVE incluído), isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

**Terceiro:** Dado que nesta obra estase a contratar por delegación da Deputación Provincial da Coruña, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP núm.101, do 30 de maio de 2018 (versión castelán), e con suxeición á descrición técnica e pregos de prescricións técnicas obrante no expediente.

**Cuarto:** Aprobar o gasto, por importe de 68.210,97 euros, por conta da aplicación orzamentaria 1532.61900.

**Quinto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidente: O sr. Alcalde don Óscar A. García Patiño e, como suplente, a concelleira delegada de economía, facenda e recursos humanos dona María Pan Lesta.

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.



A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanöe, e como suplente, o arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Sexto:** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

**Sétimo:** Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **3.3. Contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) e tramitación ordinaria da obra "Mellora da pavimentación no camiño de Brexo e Mercurín", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS +2019". Expediente 2019/C003/000004**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 2 de agosto de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data 28 de novembro de 2018 foi redactado o proxecto denominado "Mellora da pavimentación no camiño de Brexo e Mercurín" polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, don Óscar Souto Muíño, cun orzamento de 38.389,48 € sen IVE, 46.451,27 € IVE incluído.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data 28 de novembro de 2018 polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, no que se recolle que a actuación prevista en Brexo atópase no ámbito de afección da estrada DP-1704, polo que deberá obterse a autorización previa da Deputación Provincial da Coruña, administración titular da estrada.

O proxecto foi aprobado polo Pleno municipal na sesión extraordinaria celebrada o 13 de decembro de 2018. Na mesma sesión plenaria foi aprobada a inclusión desta obra no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019" da Deputación Provincial da Coruña.

O Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria do día 26 de abril de 2019 aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019", no marco das súas Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario do 28



de setembro de 2018 e publicadas no BOP núm. 188, do 2 de outubro de 2018. Mediante Resolución da Presidencia núm. 2019/19076, do 31 de maio de 2019, considerouse debidamente aprobado o plan.

Segundo consta na "Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019", de data 29 de abril de 2019, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación nas sesións realizadas os días 27 de abril e 25 de maio de 2018, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 82, do 2 de maio de 2018 e no núm. 101 do 30 de maio de 2018, respectivamente, e na páxina web da Deputación: [www.dacoruna.gal/contratacion/documentos](http://www.dacoruna.gal/contratacion/documentos). O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total
Mellora pavimentación camiños Mercuin e Brexo	46.451,27	0,00 €	46.451,27

Consta no expediente a resolución da Deputación Provincial da Coruña, rexistrada de entrada no concello ao núm. 900/790 o día 21 de marzo de 2019, na que se aproba a concesión de autorización para a realización da obra, requirida á vista do informe de viabilidade urbanística emitido polo arquitecto municipal o 28 de novembro de 2018.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 28 de maio de 2019 pola Intervención municipal, con cargo á aplicación 454.61900 *Outros invses. reposición camiños veciñais*, por importe de 46.451,27 euros.

Consta acta de replanteo de data 5 de xuño de 2019.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, de data 5 de xuño de 2019.

Consta a providencia de data 24 de xullo de 2019, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Consta informe emitido pola secretaria e o interventor municipais con data de 31 de xullo de 2019 propoñendo a apertura do procedemento de licitación.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde mediante Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da **Xunta de Goberno Local**, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, a medio da presente providencia, **RESOLVO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento dos servizos mínimos esixidos a todos os municipios, entre os que se atopan a pavimentación das vías urbanas [artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local], quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C003/000004, por procedemento aberto simplificado, con varios criterios de adxudicación, mediante fórmulas, correspondente á obra "**Mellora da pavimentación no camino de Brexo e Mercurín**", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019" da Deputación Provincial da Coruña, cun valor estimado de 42.228,43 euros, e cun orzamento base de licitación de 46.451,27 euros (IVE incluído), isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

**Terceiro:** Dado que nesta obra estase a contratar por delegación da Deputación Provincial da Coruña, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP núm.101, do 30 de maio de 2018 (versión castelán), e con suxeición á descrición técnica e pregos de prescricións técnicas obrante no expediente.

**Cuarto:** Aprobar o gasto, por importe de 46.451,27 euros, por conta da aplicación orzamentaria 454.61900.

**Quinto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidente: O sr. Alcalde don Óscar A. García Patiño e, como suplente, a concelleira delegada de economía, facenda e recursos humanos dona María Pan Lesta.

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanöe, e como suplente, o arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Secretaría: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Sexto:** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

**Sétimo:** Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**3.4. Contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) e tramitación ordinaria da obra “Mellora da pavimentación no camiño de Penouviña”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS +2019”. Expediente 2019/C003/000007**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 2 de agosto de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 28 de novembro de 2018 foi redactado o proxecto denominado “Mellora da pavimentación no camiño de Penouviña”, polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, don Óscar Souto Muíño, cun orzamento de 41.783,03 € sen IVE, 50.557,47 € IVE incluído.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data 28 de novembro de 2018 polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito. Con data 11 de marzo de 2019 emitiu novo informe de viabilidade no que manifesta de xeito expreso que para o desenvolvemento desta actuación non é preciso autorización de ningunha outra administración.

O proxecto foi aprobado polo Pleno municipal na sesión extraordinaria celebrada o 13 de decembro de 2018. Na mesma sesión plenaria foi aprobada a inclusión desta obra no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019” da Deputación Provincial da Coruña.

O Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria do día 26 de abril de 2019 aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario do 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP núm. 188, do 2 de outubro de 2018. Mediante

Resolución da Presidencia núm. 2019/19076, do 31 de maio de 2019, considerouse debidamente aprobado o plan.

Segundo consta na “Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”, de data 29 de abril de 2019, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación nas sesións realizadas os días 27 de abril e 25 de maio de 2018, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 82, do 2 de maio de 2018 e no núm. 101 do 30 de maio de 2018, respectivamente, e na páxina web da Deputación: [www.dacoruna.gal/contratacion/documentos](http://www.dacoruna.gal/contratacion/documentos). O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total
Mellora da pavimentación no camiño de Penouviña	50.557,47	0,00 €	50.557,47

Consta o documento de retención de crédito emitido o 28 de maio de 2019 pola Intervención municipal, con cargo á aplicación 454.61900 *Outros inves. reposición camiños veciñais*, por importe de 50.557,47 euros.

Consta acta de replanteo de data 5 de xuño de 2019.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, de data 5 de xuño de 2019.

Consta a providencia de data 24 de xullo de 2019, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Consta informe emitido pola secretaria e o interventor municipais con data de 31 de xullo de 2019 propoñendo a apertura do procedemento de licitación.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde mediante Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da **Xunta de Goberno Local**, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, a medio da presente providencia, **RESOLVO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento dos servizos mínimos esixidos a todos os municipios, entre os que se atopan a pavimentación das vías urbanas [artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local], quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e

proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C003/000007, por procedemento aberto simplificado, con varios criterios de adjudicación, mediante fórmulas, correspondente á obra "**Mellora da pavimentación no camiño de Penouviña**", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019" da Deputación Provincial da Coruña, cun valor estimado de 45.961,33 euros, e cun orzamento base de licitación de 50.557,47 euros (IVE incluído), isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

**Terceiro:** Dado que nesta obra estase a contratar por delegación da Deputación Provincial da Coruña, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP núm.101, do 30 de maio de 2018 (versión castelán), e con suxeición á descrición técnica e pregos de prescricións técnicas obrante no expediente.

**Cuarto:** Aprobar o gasto, por importe de 50.557,47 euros, por conta da aplicación orzamentaria 454.61900.

**Quinto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidente: O sr. Alcalde don Óscar A. García Patiño e, como suplente, a concelleira delegada de economía, facenda e recursos humanos dona María Pan Lesta.

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanöe, e como suplente, o arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de

Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Sexto:** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

**Sétimo:** Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 26 de xullo ao 1 de agosto do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1525/2019 e remata coa resolución da Alcaldía número 1574/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1525/2019	26-07-2019	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 30 de xullo de 2019
1526/2019	26-07-2019	Aprobación de actividades de verán e do gasto correspondente
1527/2019	26-07-2019	Rock in Cambre: aprobación actividades complementarias, etc
1528/2019	26-07-2019	Aceptación Resolución do 30 abril 2019 (DOG Nº 89 do 10 de maio de 2019). Programa B
1529/2019	26-07-2019	Aceptación Resolución do 30 de abril de 2019 (DOG Nº 89 do 10 de maio de 2019). Programa A Novidades editoriais en galego en formato físico
1530/2019	26-07-2019	Organización, xunto coa asociación xuvenil Urbilar, do evento de cantos de taberna denominado Cantos do Demo. ProgramaTDI (Todos Deben Involucrarse) 2019
1531/2019	26-07-2019	Organización, xunto coa asociación xuvenil "XentD100cia", do evento feira de ciencia aberta "Open Science Cambre"; ProgramaTDI (Todos Deben Involucrarse) 2109
1532/2019	26-07-2019	Modificación do recibo de subministración de auga e rede de sumidoiros de P.S.L. do 1º trimestre de 2019 por erro na lectura
1533/2019	26-07-2019	Solicitud de devolución de ingresos indebidos a don DB de A-A do imposto sobre construcións, instalacións e obras, por desistimento



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1534/2019	26-07-2019	Aceptación Resolución do 30 abril 2019 (DOG Nº 89 do 10 de maio de 2019). Programa B
1535/2019	26-07-2019	Aceptación Resolución do 30 de abril de 2019 (DOG Nº 89 do 10 de maio de 2019). Programa A
1536/2019	29-07-2019	Conceder a licenza municipal para a división da finca sita na Pagueira, Brexo, cedéndose a parcela resultante de 46 m <sup>2</sup> para regularización do viario. Solicitante: JARL
1537/2019	29-07-2019	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada para a construción dun cerramento nos lindeiros norte e leste da finca sita en Carballás, Pravio, e se declara que a comunicación previa presentada para a construción dun cerramento no lindeiro sur de dita finca constitúe título habilitante
1538/2019	27-07-2019	Inscripción de Greta, doberman, con microchip 941000023496196
1539/2019	27-07-2019	Conceder a licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos , rottweiler 941000023226202 a dona TQM
1540/2019	29-07-2019	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a LBC
1541/2019	29-07-2019	CM : Axenda de Verán: Banda Municipal de Padrón
1542/2019	29-07-2019	Denegación axuda aluguer a M.T.T. por existir fiador solidario no contrato de aluguer
1543/2019	29-07-2019	Conceder a axuda aluguer por importe de 380 euros. Solicitante: MTPM
1544/2019	29-07-2019	Aprobación da organización do día do xadrez que inclúe os torneos: XIX xadrez agosto en Cambre e o I xadrez agosto en Cambre Blitz
1545/2019	29-07-2019	Aprobación da organización do XXXV torneo Chave Concello de Cambre 2019
1546/2019	29-07-2019	Contratación da campaña de sensibilización, información e difusión sobre a igualdade e prevención da violencia sexual durante o Rock in Cambre 2019
1547/2019	30-07-2019	Celebración voda civil de Laura Fernández Gesto e Esteban Piñeiro Barros o día 10 de agosto ás 11 horas.
1548/2019	30-07-2019	Cobro 3ª quenda (29 xullo ao 14 agosto) dos campamentos verán 2019
1549/2019	30-07-2019	Celebración voda MIBM e DDP 23.08.2019 ás 10.20
1550/2019	30-07-2019	modificación da resolución núm. 1530/2019 do evento CANTOS DO DEMO. Programa TDI 2019
1551/2019	30-07-2019	Aprobación lista definitiva de admitidos e de composición da comisión de valoración de concurso para proveer posto vacante de policía local
1552/2019	30-07-2019	Celebración voda civil o 23 de agosto de 2019 ás 13,30 horas
1553/2019	30-07-2019	Avocación de competencias do sétimo tenente de alcalde don Diego Alcantarilla Rei dende o día 12 ao 23 de agosto de 2019, ambos os dous incluídos

1554/2019	30-07-2019	Autorización apertura urna perimetral sinalada co número 71, letra D, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de depositar as cinzas de dona MVG, o día 30 de xuño de 2019
1555/2019	30-07-2019	Autorización apertura urna central numerada 65, letra B, no cemiterio municipal de Cambre
1556/2019	30-07-2019	Nomeamento interino de auxiliar administrativo por acumulación de tarefas
1557/2019	31-07-2019	Denegar a axuda aluguer por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: MEDD
1558/2019	31-07-2019	CM : Rede cultural : Gallaecia Big Band
1559/2019	31-07-2019	CM : Cine aire libre : Coco
1560/2019	31-07-2019	CM : Cine Casa da Cultura : Dhogs
1561/2019	31-07-2019	Conceder a axuda recibo luz e gas por importe de 85,91 euros. Solicitante: MTOL
1562/2019	31-07-2019	Autorización comisión de servizos JABC
1563/2019	31-07-2019	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de xuño de 2019, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de xullo de 2019
1564/2019	31-07-2019	Denegar a tarxeta estacionamento, dado que pola súa minusvalía non se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: DFB
1565/2019	31-07-2019	Nomeamento persoal eventual FJVZ
1566/2019	01-08-2019	Conceder o permiso para a ocupación de 33 m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza durante o mes de maio fronte ao local garimbas bar sito no Paseo Marítimo, parroquia do Temple. Solicitante: RPFA
1567/2019	01-08-2019	Conceder a licenza para a ocupación de 13 m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza durante o ano 2019 fronte ao mesón a ría sito no Paseo dos Templarios, parroquia de cambre, ocupando a zona do paseo marítimo que existe fronte ao local. Solicitante: AVC
1568/2019	01-08-2019	Concesión axuda aluguer a MAAB por importe de 300 euros
1569/2019	01-08-2019	Concesión axuda emerxencia social de tres recibos de gas por importes de 20,11, 76,07 e 37,79 euros a MMRR
1570/2019	01-08-2019	Celebración voda civil o 24 de agosto ás 11 horas
1571/2019	01-08-2019	Comunicación previa para o cerramento lateral do alpendre existente na finca sita en Peiraio, Bribes propiedade JMM
1572/2019	01-08-2019	Comunicación previa para contrución dun cerramento na finca sita en Quintán, cambre propiedade de MVRM
1573/2019	01-08-2019	Precintado das instalacións da empresa CJO SL no pazo de Brexo sito na Pagueira, parroquia de Brexo, Cambre
1574/2019	01-08-2019	Instalación e explotación dun posto de bebidas no Campo da Feira de Cambre con motivo do evento XXVIII Festival Rock in



Cambre 2019
-------------

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- A. Proposta de devolución de aval á empresa *Informática El Corte Inglés S.A.*, adxudicataria do servizo de “Implantación da plataforma de Administración electrónica AL- SIGM no Concello de Cambre”. Expediente 2013/14-8 SERV

- B. Proposta de prórroga na execución da obra “Reordenación da rede de abastecemento en Peirao, nos camiños municipais 00210 e 00259, Bribes, Cambre”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial. Expediente 2018/C003/0000025

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A. Proposta de devolución de aval á empresa *Informática El Corte Inglés S.A.*, adxudicataria do servizo de “Implantación da plataforma de Administración electrónica AL- SIGM no Concello de Cambre”. Expediente 2013/14-8 SERV**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de agosto de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 11 de outubro de 2013, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Informática El Corte Inglés S.A.* para o servizo de “Implantación da plataforma de Administración electrónica AL-SIGM no Concello de Cambre”, incluído no fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) para actuacións de Administración electrónica e cidadáns en rede. Expediente: 2013/14-8 SERV

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva por aval bancario da entidade Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. de data 30/09/2013 e importe de 8.710 euros, depositado na Tesourería municipal con número de rexistro 571 e data do 03/10/2013, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou respecto, isto segundo informe favorable emitido polo Administrador do Sistema Informático, con data do 4 de abril de 2017.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 31 de maio de 2019.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “Informática El Corte Inglés, S.A.”, no expediente número 2013/14-8 SERV para a “Implantación da plataforma de Administración electrónica AL-SIGM no Concello de Cambre”, incluído no fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) para actuacións de Administración electrónica e cidadáns en rede.

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B. Proposta de prórroga na execución da obra “Reordenación da rede de abastecemento en Peirao, nos camiños municipais 00210 e 00259, Bribes, Cambre”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial. Expediente 2018/C003/000025**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de agosto de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 11 de abril de 2019 formalizouse o contrato administrativo para a execución da obra “Reordenación da rede de abastecemento en Peirao, nos camiños municipais 00210 e 00259,

Bribes, Cambre", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial.

Con data 4 de xuño de 2019 a Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Seguridade e Saúde, o Plan de Xestión de Residuos así como o Programa de Traballo, segundo establece a cláusula 18.3 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o presente contrato.

Tendo en conta que o prazo de execución previsto para a obra, e fixado no contrato, é de dous meses, que comezarán a contar desde o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, que foi asinada o día 10 de maio de 2019.

Vista a solicitude de prórroga presentada pola empresa adxudicataria *López y Leis, S.A.*, na que expón que están tendo problemas coa subministración de diverso material debido a que os distribuidores-fabricantes principais non dispoñen del.

Tendo en conta o disposto na cláusula 32 do prego de cláusulas administrativas particulares, que establece a posibilidade de prórroga debido ao retraso na execución producido por motivos non imputables ao contratista, se éste se ofrece a cumprir o seu compromiso na prórroga de tempo que lle sinale o órgano de contratación.

Visto, o informe favorable emitido polo enxeñeiro de Camiños municipal - xefe da sección de Servizos, con data do 30 de xullo de 2019, no que considera xustificadas os motivos alegados pola empresa e propón que se conceda prórroga de un mes, ata o 4 de setembro de 2019.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Acordar a prórroga dun mes, ata o 4 de setembro de 2019, na execución da obra "Reordenación da rede de abastecemento en Peirairo, nos camiños municipais 00210 e 00259, Bribes, Cambre", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial. Expediente 2018/C003/0000025.

**Segundo:** Notificar á empresa adxudicataria e á coordinadora de seguridade e saúde, facéndolles saber que, por se tratar dun acto de trámite, non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Terceiro:** Notificar ao responsable do contrato, e á técnica de xestión de Administración xeral, para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia